

# SACRIFICIO SEN (ESPERAR) GLORIA

## GALICIA NA REAL EXPEDICIÓN FILANTRÓPICA DA VACINA

Galicia in the Royal Philanthropic Expedition of the vaccine. Sacrifice without (wait) glory

ANTONIO LÓPEZ MARIÑO<sup>1</sup>

**Resumo.** A Real Expedición Filantrópica da Vacina (1803-1812) foi unha odisea sanitaria de loita diaria contra a varíola –con vacinacións de brazo a brazo, universais e gratuítas–, dende o norte de México ata o sur de Chile e por Filipinas. A transcendencia da REFV deriva de ter consolidado, ante o mundo enteiro, a vacinación como o método perfecto de inmunización preventiva: infectarse estando san con doses atenuadas do mesmo mal que se quere combater. Neste exemplo único de filantropía (para Edward Jenner) e nesta primacía mundial da prevención (segundo Enrique Bustamante), Galicia realizou labores cruciais, pero desta súa participación apenas hai pegadas na Historia do País ou/e na Memoria Colectiva da cidadanía.

Para o poder –governos, exército, colexios profesionais e centros de ensino–, Esquecemento é a caixa na que repousan a corveta expedicionaria, o armador e a tripulación; Teresa Herrera, Hospital de Caridade, Congregación das Dores e un médico municipal vacunífero. Esquecemento tamén é o apelido baixo o que están rexistrados os 21 expósitos que, dende a Coruña, levaron a vacina ata América.

Pórlle cara, nome e apelidos á muller que coidou dos expósitos (o único elo humano cunha misión insubstituíble na REFV) é un sólido chanzo para tirar da sima do esquecemento os expedicionarios galegos –a enfermeira e máis os expósitos– procedentes da cima da marxinação social. Os documentos que, na Coruña, custodian o Arquivo Municipal e o Arquivo Provincial acreditan a identidade e maila posición socio-económica (moi humilde) da reitora de expósitos e enfermeira da Expedición. E no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago gardan os libros que desvelan os seus lexítimos apelidos (Zendal Gómez), a aldea de procedencia (Santa Mariña de Parada-Ordes), o contexto socio-económico no que se criou (país “quasi” pobres de solemnidade) e o seu estatus civil (nai solteira).

**Abstract.** The Royal Philanthropic Vaccine Expedition (1803-1812) was a sanitary odyssey on a daily fight against smallpox –with vaccinations arm to arm, free for all social groups– from the North of Mexico to the south of Chile and all around the Philippines. The true merit of the Expedition lay in the fact that they have established, before the

<sup>1</sup> Xornalista na prensa escrita e nos medios audiovisuais. Principal tema de investigación: biografía de Isabel Zendal. anthony.sailor@gmail.com

entire world, that vaccination was the method par excellence for preventive immunizations: infecting healthy people with a diluted dose of the very illness to be confronted. Galicia played a crucial role for this unique example of philanthropy (according to Edward Jenner) and for the worldwide supremacy in sanitary prevention (Enrique Bustamante has said), but our Country's History and our Common Memory as citizens don't keep any tracks of this legacy.

Oblivion is the name of the box where Power –government, army, professional's associations and schools– has placed the expedition's corvette, his owner and the crew; Teresa Herrera, Charity Hospital, Congregation of Sorrows and the town's municipal physician. Oblivion is also the surname given to the 21 foundlings who have taken the vaccine from A Coruña to America.

The most solid step to take the Galician expeditionary people –the ones coming from the peaks of social isolation– out of the deepest oblivion is identifying, with her name and her surnames, the woman who took care of the foundlings, the only human link with an irreplaceable mission in the Expedition. The files kept, in A Coruña, by the Town's Archive and the Province's Archive prove the identity and the social and economic position (very humble) of the female rector in the Foundling Home, also the female nurse in the Expedition. And the Santiago's Historical Diocesan Archive guards the books revealing her legitimate surnames (Zendal Gómez), the village where she was born (Santa Mariña de Parada, in the municipality of Ordes), her parent's social and economic background (they were extremely poor) and her civil status (a single mother).

**Palabras clave.** Galicia. Expósitos. Isabel Zendal. Variola. Expedición da Vacina

**Key words.** Galicia. Foundlings. Isabel Zendal. Smallpox. Vaccine Expedition

---

*Polo territorio andado, polo tempo dedicado, pola innovación médica e polos beneficios alcanzados, é unha referencia universal de acción humanitaria. Na empresa, a participación de xente galega foi transcendental, pero desta súa presenza apenas hai rastro. Igual é que a Historia escrita e a Memoria Colectiva non están moi afeitas a ter protagonistas procedentes das lindes extremas da beneficencia social.*

A Real Expedición Filantrópica da Vacina foi unha odisea sanitaria: máis de 10 anos de loita diaria contra a varíola –con vacinacións de brazo a brazo–, dende o norte de México ata o sur de Chile (entón, Nova Galicia) e por Filipinas. Moi por riba desta xesta humanitaria, a transcendencia da REJV deriva deter consolidado, ante o mundo enteiro, a vacinación como o método perfecto de inmunización preventiva: “infectarse estando san”, con doses atenuadas do mesmo mal que se quere combater.

Carlos IV aprobou a posta en marcha da Expedición e, sobre todo, o seu obxectivo de atallar as teimudas epidemias de varíola que, un quinquenio si e outro tamén, ían baleirando de veciños e contribuíntes os territorios coloniais de América e Asia. A REJV

estaba integrada por Francisco Xavier de Balmis, director; Joseph Salvany, subdirector; Antonio Gutiérrez e Manuel Grajales (auxiliares de cirurxía); Francisco Pastor e Rafael Lozano (practicantes); como enfermeiros ían Basilio Bolaños, Pedro Ortega, Antonio Pastor, Ángel Crespo e unha única muller: Isabel Zenda Gómez.

A primeira campaña mundial de saúde pública –as vacinacións eran de balde e universais– arranca o 30 de novembro de 1803, na Coruña. Tras escala en Canarias, os expedicionarios arriban a Puerto Rico (febreiro, 1804), pásanas moradas para conseguir os primeiros nenos americanos portadores e, con éxito, chegan a Caracas, onde se dividen en dúas partidas. O grupo de Balmis (con Gutiérrez, Ortega, Crespo, os dos irmáns Pastor –sobriños do director– e Isabel), tras escala na La Habana, desembarca en Veracruz, vacina por Guatemala e México e, dende Acapulco, navega cara a Filipinas, onde rematará a campaña de vacinacións en 1807. Salvany –con Grajales, Lozano e Bolaños– navega ata Colombia e dende Cartagena de Indias (maio, 1804) acomete a proeza de levar o antídoto contra a varíola ata o sur de Chile; el morrerá no intento (Cochabamba-Bolivia, 1810), pero Lozano e Bolaños non pararán de vacinar ata xaneiro de 1812, xa nas terras preantárticas de Nova Galicia<sup>2</sup>.

A varíola, “o máis terrible de todos os ministros da Morte”, deixou de ser “a máis grande asasina”<sup>3</sup> que coñeceu a Humanidade en 1980: ese ano, a Organización Mundial da Saúde declarou a Terra “zona cero de varíola”, tras pasaren dous anos sen terse detectado, no mundo, ningún novo episodio de contaxio. Unha vitoria que arrancara en 1796, cando Edward Jenner (1749-1823), médico rural inglés, fixo a primeira *animalada* médica da historia: o transvase de fluídos, con fins sanitarios, dende animais enfermos a seres humanos sans. Así demostrou que a linfa dos grans purulentos de reses enfermas de *vacuna* [a varíola da vacas] era remedio cumprido contra o letal andazo.

A día de hoxe, a varíola é a única pandemia humana erradicada do planeta e, nesta longa batalla, a REJV é un amilladoiro senlleiro. Van dúas probas: “Non imaxino que os anais da historia nos acheguen un exemplo de filantropía tan nobre e extenso como este”, dito por Edward Jenner, en 1806; eloxio que tamén agacha unha críptica labazada a *His Majesty* por non ter acometido tal empresa, cando a vacinación era un descubrimento inglés<sup>4</sup>. “A Expedición da Vacina permanece inigualada e corresponde aos seus membros a primacía na aplicación científica, a escala mundial, dun novo e maravilloso procedemento preventivo”, escrito en 1975, por Enrique Bustamante, o pai da historia da medicina en México, unha das asoballadas colonias naqueles días da REJV<sup>5</sup>.

<sup>2</sup> Bibliografía esencial: Díaz de Yraola, G. (1948) *La vuelta al mundo de la Expedición de la Vacuna (1803-1810)*. Sevilla, CSIC-Escuela de Estudios Hispano-Americanos. Smith, M.M. (1974) *The “Real Expedición Marítima de la Vacuna” in New Spain and Guatemala*. Philadelphia, The American Philosophical Society. Ramírez Martín, S. (2002) *La salud del imperio*. Madrid, Fundación Jorge Juan. Tuells, J. – Ramírez, S. (2003) *Balmis et variola*. Alicante, Consellería de Sanitat-Generalitat Valenciana.

<sup>3</sup> Hopkins, D.R. (2002) *The Greatest Killer. Smallpox in History*. Chicago, The University of Chicago Press.

<sup>4</sup> “Andean Studies: new trend sand library resources” (2000) *Papers of the Forty-Fifth Annual Meetin g of the Seminar on the Acquisition of Latin American Library Materials*. University of California-Los Angeles, p. 46.

<sup>5</sup> Bustamante, M. (1975) “La primera enfermera en la historia de la salud pública, Isabel Cendala y Gómez”, *Salud Pública de México*, vol, VIII, nº 3, 353-363.

Neste exemplo único de filantropía e nesta primacía mundial da prevención, Galicia realizou labores cruciais para o éxito de levar a primeira vacina que coñeceu a Humanidade ata América e Asia. Por moito que pareza varrer para casa propia ou esbardallar sen control.

“María Pita” era o nome da corveta de 160 toneladas na que o equipo médico da Expedición viaxou polo Caribe ata o seu desembarco final en Veracruz. O armador era Manuel Díaz Tavanera, veciño do número 22 da Rúa Nova coruñesa, onde vivía coa muller e unha filla; cunha cuñada, o seu home e tres fillos; todos asistidos por tres mancebos, tres criadas e un criado<sup>6</sup>. O capitán do navío era Pedro del Barco, que ocupaba o número 25 da coruñesa Rúa Real, coa muller, sete fillos, dúas criadas e dous escravos negros. Tamén era de veciñanza coruñesa toda tripulación: segundo piloto, contramestre, garda, carpinteiro, mordomo, dous cocineiros (o marmitón, un dos escravos negros do capitán), 16 mariñeiros e tres paxes<sup>7</sup>. O responsable de garantir reservas de pus activo e fresco –das que puidese botar man a Expedición si fracasase a cadea de inoculacións a bordo– era Vicente Antonio Posse Roybanes, veciño do número 14 da Rúa da Franxa, onde moraba coa muller, unha filla e unha criada<sup>8</sup>.

Toda a armazón da Expedición estaba sustentada polos 21 expósitos (de entre 2 e 9 anos) que transportaban o antídoto –con inoculacións de brazo a brazo, por parellas, cada 10 días, cando os grans dos anteriores portadores estaban en sazón de pus–. Máis que portadores, estes nenos eran “vacina viva”. Sen eles, non habería vacina e, sen vacina, non habería expedición, nin real nin filantrópica. Catro destes expósitos viñeran da Casa de Desamparados de Madrid, cinco procedían da Inclusa do Gran Hospital Real de Santiago y 12 estaban baixo o amparo da Casa de Expósitos do coruñés Hospital de Caridade (fundado por Teresa Herrera; dirixido e administrado pola Congregación das Dores, hoxe aínda activa, ao abeiro da parroquia de San Nicolás). E con todos eles e cos que foron precisos para as travesías polo Caribe e para as campañas por terras interiores de México e Filipinas, “a demarrado todas las ternuras de la mas sensible Madre y en todos los viajes y los ha asistido enteramente en sus continuadas enfermedades”. Son palabras de Francisco de Balmis, sobre o traballo e compromiso (“infatigable noche y día, con el excesivo trabajo y rigor de los diferentes climas que hemos recorrido, perdio enteram<sup>te</sup> su Salud”) de Isabel Zendal Gómez, ex reitora da coruñesa Casa de Expósitos e única enfermeira da Expedición<sup>9</sup>. Tamén –as probas, veñen de contado–, nai solteira e filla (nove irmáns) duns labradores “quasi pobres de solemnidade” da parroquia de Santa Mariña de Parada-Ordes.

## MEMORIAL DE INFORTUNIOS

—E logo por que é tan descoñecido este conto? Se a realidade histórica fose así, esta Expedición tería que estar instalada nos libros de Historia e na memoria colectiva á par da

<sup>6</sup> Arquivo Municipal A Coruña (AMC. AC) c-1054. Fondo: poboación; censo de 1794.

<sup>7</sup> Arquivo Notarial A Coruña. Contrata do armador da “María Pita” co capitán e tripulación; fondo: Leyes Lourido, Andrés (escribán); protocolo 8050, 196-197.

<sup>8</sup> AMC. AC. c-1054; fondo: poboación; censo de 1799.

<sup>9</sup> Archivo General de Indias. Real Expedición Filantrópica de la Vacuna: Indiferente General, 1158 A; carta de Francisco de Balmis a José Antonio Caballero [ministro de Gracia y Justicia]; Macao, 30 de xaneiro de 1806; f. 1182v-1183.

conquista de Granada, da descuberta de América, da batalla de Lepanto, da volta ao mundo de Elcano ou do definitivo gol que Marcelino Martínez Cao (Ares, 1940) lle meteu a Rusia, a primeira vez que España foi campioa de Europa de fútbol. Algo non encaixa: ou a Expedición da Vacina non foi tan mundial, ou non foi tan filantrópica... ou Galicia xogou todo o partido de suplente!

—Hai unha terceira posibilidade: que as pegadas da Expedición fosen varridas por sucesivas cicloxéneses bélicas... por non falar da semente que cae en corazóns ermos ou en cerebros baldíos.

—A ver... a ver...

Naqueles tempos da Expedición, a Coroa non estaba para lérias publicitarias do seu filantropismo. Nin abasto daba a atender que non lle movesen a poltrona ou que non lle cortasen a cabeza: ata 1812, tanto o pai (Carlos IV) como o fillo (Fernando VII) estiveran desterrados do país por Napoleón; ata que morreu en 1833, a teima de Fernando VII foi laminar os dereitos cívicos recoñecidos na Constitución de 1812, perseguir liberais e instaurar o absolutismo. E de América, ningún aplauso era esperado: entre 1809 e 1825, todo eran revolucións contra o poder colonial, que non pararon ata que, dende Chile ata México, naceron 18 repúblicas independentes.

Algúns anos despois de que rematara a *ominosa* etapa dos Borbóns, houbo un estadista que, moi orgulloso de facelo, reivindicou a grandeza e transcendencia da Expedición da Vacina. Pero este home non tiña moito tirón propagandístico: disque din que chegou a ser a máxima autoridade do goberno de Carlos IV pola prestancia física dos seus vinte anos e por ter a chave do cuarto privado da raíña. *Ghuapito* de cara sería, pero tampouco parece andar escaso de siso: “Tales cosas se hicieron bajo Cárlos IV, entre el estruendo de las guerras que estremecian á las naciones en aquella horrible era de destruccion y de trastornos. ¡Qué monarca de Europa ó qué gobierno se ocupó en pensamientos liberales en aquel tiempo de dolores! Y sin embargo todo se ha olvidado! Las empresas pacíficas no tienen gran sonido en los anales de los pueblos. Gloria se llama devastarlos y atormentar los hombres. De este género de laureles se provee mejor la historia, y á estos malvados triunfos se levantan los monumentos y se prodigan los aplausos de las gentes”<sup>10</sup>. E así foi: ningún outro estadista vai recoller a bandeira (da REFV) que, en 1837, ergueu “o favorito” Manuel Godoy.

Mellores tempos para ondear de bandeiras, fachendear de glorias imperiais e considerarnos raza-vanguardia de Occidente foron os 40 anos de don Francisco Franco. De 1948 é a investigación pioneira de Gonzalo Díaz de Yraola, *La vuelta al mundo de la Expedición de la Vacuna*; xa no segundo parágrafo do limiar, Gregorio Marañón deixa explícito o doado que era sintonizar a Expedición da Vacina co dial da ideoloxía franquista: “A fazaña que Francisco de Balmis realizou, cos seus compañeiros, esperta, lexitimamente, o orgullo racial. Lendo a xestación e a realización da empresa, tense a mesma impresión de sobrehumana enerxía que cando escoitamos relatar as fazañas dos descubridores e conquista-

<sup>10</sup> Godoy, M. (1837) *Memorias del Principe de la Paz*. Madrid, imprenta de I. Sancha, tomo IV, capítulo XXVI, 359-360.

dores”<sup>11</sup>. De 1966 é a reivindicación de Pastor Nieto Antúnez para salvar do anonimato á enfermeira da REFV: “Tal impresionante expedición amosan o tempero e calidade humana desta abnegada muller que representa a santa virtude da Caridade”<sup>12</sup>. Pois nin con estes avais, tan heroicos e católicos, a Expedición da Vacina entrou nos *manuals Álvarez* de Historia, nin a presenza galega conseguiu apousar na memoria colectiva do País. Como explicaba Godoy, “las empresas pacíficas no tienen gran sonido en los anales de los pueblos”. Afirmación que, traducida aos tempos de don Francisco, quere dicir que para o ideario oficial, ou había marchas militares e fazañas bélicas, ou non se movía unha folla e, menos, dun libro.

Democracia postfranquista. Por mor do pacto da Transición, apandouse coa monarquía e os exércitos buscaron un certo norte civil. Resulta singular que non haxa pegada, por parte da Casa Real, de querer arrimarse ao calor da REFV, o legado máis humano dos Borbóns, cando houbo momentos e anos nos que a monarquía ben precisaba achegar algún exemplo da súa utilidade pública. A ausencia de probas da súa querenza pola empresa filantrópica de Carlos IV tampouco é fácil de entender cando mil actividades públicas das dúas raíñas están relacionadas con organizacións implicadas en labores humanitarios. Non é menor o asombro diante do pouco explotada (no mellor sentido da palabra) que os exércitos teñen a REFV cando todos os varóns do equipo médico eran de formación militar e cando, a día de hoxe, son as misións humanitarias o imán para atraer as novas xeracións cara ás forzas armadas. Por ámbitos máis próximos, abundan motivos para o desconcerto: Xunta e Deputacións teñen feito carros e avións de proclamas reivindicando os galegos do exterior, os emigrantes, pero os nenos da vacina e/ou a enfermeira da Expedición (por máis que sexa a emigrante galega máis ilustre de México) nunca foron convidados a ser parte destas festas de exaltación da xenerosidade da Terra Nai.

—A historia da Expedición non é trigo limpo e a fornada cheira a corno queimado! Non é posible que, sendo empresa tan extraordinaria, todo o mundo escape dela: a Casa Real, ao completo; os militares, por terra, mar e aire; tamén, os gobernos que dirixiron o vello Instituto de Cultura Hispánica e máis o renovado Instituto Iberoamericano de Cooperación; tamén, a Xunta e as Deputacións. Pódese entender que ningún colexio médico teña o seu día dedicado a REFV ou que nas facultades de Enfermería non se estude a figura e a obra da enfermeira da Expedición ou que non existan unidades didácticas, en Primaria, sobre os 21 expósitos da vacina. Pero o que non pode ser certo é que cen institucións, nunha conspiración coordinada e continuada, anden a sabotar, dende hai 200 anos, a difusión da historia desta Expedición e dos seus protagonistas!!

—Igual a explicación do silencio arredor da REFV é moito máis sinxela: unha pura cuestión de amor a primeira vista. Hai quen escoita falar da historia e acredita nela desde esa primeira vez. Hai quen escoita a historia e non cre nela porque (é un supoñer) non asume ser descoñecedor de odisea tal, que é parecido (outro supoñer) o que lle pasa a en-

<sup>11</sup> Marañoñ, G. *Limiar* a Díaz de Yraola, G. (1948) *La vuelta al mundo de la Expedición de la Vacuna (1803-1810)*. Sevilla, CSIC-Escuela de Estudios Hispano-Americanos.

<sup>12</sup> Nieto Antúnez, P. (1966) “La expedición Balmis para la difusión de la vacuna antivariólica”, *Revista [Instituto de Estudios Coruñeses “José Cornide”]*, nº 2, 135-138.



tidades públicas, editoriais ou produtoras instaladas na banda do “non”... e todo por ocultar que, un día, tiveron entre as mans esa historia e que a deixaron marchar.

Hai dous asuntos que poden causar alerxia xa dende o primeiro contacto coa Expedición da Vacina: ser a iniciativa dun imperio colonial e a utilización de criaturas entre 2 e 9 anos.

O eloxio que o mexicano Enrique Bustamante fai dos logros da Expedición amosa que, mesmo en países invadidos e colonizados, é posible illar, de entre a explotación continuada da poboación e das materias primas, as accións de progreso social chegadas da man do invasor (de haber esas accións e sen que sirva de xustificante ao espolio organizado). Cando o goberno mexicano crea, en 1975, o Premio Nacional de Enfermería “Isabel Cendala y Gómez” [en memoria da única muller da REFV], para honrar anualmente o labor profesional máis destacado neste eido<sup>13</sup>, trazou unha separación rotunda entre unha acción de saúde pública universal e gratuíta e as vacinacións que, nos tempos da REFV, tamén levaron a cabo os gobernos de Francia e Inglaterra: eran de balde, pero estaban restrinxidas ás tropas militares. Por se tivese relación co asunto da alerxia anticolonial, en Manila, na Plaza de Roma e rodeada pola catedral, o pazo do gobernador e o consistorio, hai unha estatua dedicada a un gobernante español; a placa di: “Al Rey D. Carlos IV, en gratitud al don benéfico de la Vacuna. Los habitantes de Filipinas”.

Estes exemplos de recoñecemento agradecido á REFV engaden sal e vinagre na ferida aberta da moi cativreira presenza da Expedición da Vacina nos libros de Historia e na memoria colectiva da cidadanía. Tense por certo que a mellor maneira de triunfar na casa propia é a de, previamente e no estranxeiro, ter cortado rabo e orellas. De ser certo, hai un excepción: a primeira campaña transcontinental de saúde pública e os seus protagonistas.

En relación aos expósitos, unha primeira precisión é esencial: non eran cobaias humanas, non foron vítimas de ningún incerto experimento científico. Dende Jenner, era sabido que había dous métodos seguros de vacinación: ou directamente dende xovencas enfermas de *vacuna* ou mediante inoculacións de brazo a brazo, con pus de orixe vacún. E sendo os 21 expósitos o único elemento imprescindible da Expedición, poucas dúbidas caben respecto ao trato —esmerado— que recibirían na fase de transporte da vacina. Fariña para outra muiñada é o trato recibido a posteriori, de si foi adiante o prometido: “S.M. ofrece mantener y educar en México, hasta estar en estado de darles acomodo proporcionado, a cuantos niños se ocupen en esta Real Expedición”<sup>14</sup>. Estes nenos asentaron na capital mexicana dende agosto de 1804 e —por Michael M. Smith— sabemos que era das súas vidas, a altura de 1809: os catro máis cativos seguían de estudantes na Escola Patriótica; dous morreron durante esta etapa de estudos; un comerciante da capital adoptara tres nenos e un almacenista do estado de Hidalgo, outros tres; un director de hospicio acollera dous rapaces e outro director, tres; un cirurxián, o director dun colexio e un pá-

<sup>13</sup> *Diario Oficial de la Federación* (18/07/1975). Convocatoria para la Medalla de Mérito en Enfermería “Enfermera Isabel Cendala y Gómez”.

[http://dof.gob.mx/nota\\_detalle.php?codigo=4785098&fecha=18/07/1975](http://dof.gob.mx/nota_detalle.php?codigo=4785098&fecha=18/07/1975).

<sup>14</sup> Ramírez Martín, S. (2002) *La salud del imperio*. Madrid, Fundación Jorge Juan, 109-110.

roco tiñan cadanseu rapaz adoptado; o fillo da enfermeira vivía coa súa nai na cidade de Puebla, onde quedara ao coidado do bispo nos dous anos que durou a campaña filipina<sup>15</sup>.

E aquí remata todo canto sabemos destes expósitos, os elos imprescindibles da primeira propagación, universal e gratuíta, da primeira das vacinas, que son “a maior conquista da medicina”<sup>16</sup>. Por seren expósitos, abandonados no anonimato polos seus proxenitores e totalmente dependentes da beneficencia pública, ocupaban a máis alta cima da desprotección social. Levan 200 anos enterrados na máis fonda sima do (noso) esquecemento. Se fose por un ignorante desleixo, a súa incorporación á memoria colectiva do País aínda podería ter remedio. Se a súa entrada nos libros de Historia e nas unidades didácticas para Primaria está vetada por prexuízos de casta ou clase, aviados van estes expósitos! Aviado está o País!

## A REITORA-ENFERMEIRA

Nunca foi Isabel Zandal Gómez a troita máis perseguida polos historiadores que teñen reconstruído os avatares da Expedición da Vacina e as biografías dos integrantes do equipo médico.

Para os investigadores foráneos, os arquivos de Galicia quedan algo lonxe das súas áreas de presenza. E ata podería ser que este *desinterese* pola única muller da Expedición (como enfermeira) tivese un aquel racional: será responsabilidade dos galegos rastrexar as pegadas dos seus paisanos que participaron na Real Expedición Filantrópica da Vacina. Ou que?

Para os historiadores galegos, a vacina da varíola é un campo ben arado e sementado, pero foi Vicente Antonio Posse Roybanes (1753-1809), médico municipal coruñés, quen apañou os mellores froitos desta sementeira<sup>17</sup>. Dende 1971, a enfermeira da REJV ten rúa de seu na Cidade Vella da Coruña, proba de que Pastor Nieto Antúnez loitou, hai xa 50 anos, polo recoñecemento debido a Isabel. Un logro que non pode tapar outra evidencia: afixémonos, en Galicia, a dar por válida unha identidade de Isabel que viña de historiadores que investigaban por arquivos lonxanos<sup>18</sup>.

Os documentos que, na Coruña, custodian o Arquivo Municipal e o Arquivo Provincial acreditan a verdadeira identidade e maila posición socio-económica de Isabel Zandal Gómez, reitora de expósitos e enfermeira da Expedición da Vacina.

<sup>15</sup> Smith, M. M. (1974) *The “Real Expedición Marítima de la Vacuna” in New Spain and Guatemala*. Philadelphia, The American Philosophical Society, 34 e 65.

<sup>16</sup> National Geographic (4 febreiro 2014). <http://nationalgeographic.com.es>.

<sup>17</sup> Mejjide Pardo, A. (1982) “El Doctor Posse Roybanes y la introducción de la vacuna contra la viruela en Galicia”, *Medicina Galaica*, nº 18, 23-30. Artaza Montero, M. (1987) “El Doctor Pose Roibanes. La Junta del Reino de Galicia y la vacunación antivariólica”, *Medicina Galaica*, nº 39, 24-25 e (1988) *Medicina Galaica*, nº 40, 13-20. Fernández, C. (2007) “Un brigantino en los inicios de la lucha contra la viruela”, *Anuario Brigantino*, nº 30, 249-262. Fernández, C. (2012) “Posse Roybanes, la lucha contra la viruela y el primer plan de vacunación de Galicia (1806)”, *Anuario Brigantino*, nº 35, 209-224. Fernández, C. (2014) “1804: la primera alerta por intoxicación alimentaria por mejillones en Galicia”, *Cadernos de Atención Primaria*, nº 20, 111-112.

<sup>18</sup> Nieto Antúnez, P. (1981) *La rectora de la Casa de Expósitos de A Coruña, excepcional y olvidada enfermera en la expedición Balmis*. A Coruña, Instituto “José Cornide” de Estudios Coruñeses.



Actuando como contables da Caixa de Expósitos do coruñés Hospital de Caridade, os señores Vaamonde e Navarrete, anotan que, en 24 de marzo de 1800, unha muller, identificada como Isabel (deixando en branco o espazo destinado aos apelidos) toma posesión do cargo de reitora, cunha remuneración de 50 reais mensuais e unha libra diaria de pan de peneira (fariña e salvado). Tamén anotarán que, dende maio de 1801, a reitora percibirá media libra diaria de pan de peneira para o seu fillo, “a quen se lle concedeu este auxilio por providencia do señor Prefecto” [da Congregación das Dores, a entidade laico-relixiosa que administraba o Hospital].

Os libros de contabilidade permiten comprender que, no cargo de Isabel, lucía moito máis o título que o seu poderío económico: ela era “a reitora” porque non había máis que dúas persoas ao coidado directo dos expósitos da Casa [que nunca eran máis de 30 a un tempo] e a outra era a cocíñeira-torneira. Ao comparar o salario de Isabel co dos outros traballadores que prestaban servizo tanto ao hospital de pobres como á Inclusa, queda confirmado que a reitora non pasaba de ser unha asalariada de categoría humilde: 150 reais cobraba o capelán do Hospital de Caridade, 120 levaba o encargado de compras da institución, 100 ían para o peto da lavandeira e 85 para o carreiro que traía as pipas de auga. Reitora sería pero, igual de contenta, facía de costureira: en decembro de 1802 apaña 8 reais extra por axear unhas sabas, dende febreiro de 1803 ten unha sobrepaga de 16 reais ao mes por remendar a roupa dos expósitos e, en maio de 1803, recolle 18 reais por facer as camisas que ían para o enxoval dos expósitos [en 48 horas xa tiñan familia asignada e esta crianza externa podía durar ata os sete anos, cando retornaban á Casa para, durante outros sete anos, seren instruídos para ir ao mundo laboral]<sup>19</sup>.

O escribán Balthasar de Pazos foi responsable do Libro de Rexistro de Expósitos. Entre maio de 1800 e novembro de 1801, acredita a entrada e bautizo de sete criaturas: a madriña é identificada, indistintamente, como Ysavel Zendala, Ysabel Zendala y Gómez, Ysabel Cendala y Gomez e Ysabel Gomez (en catro ocasións). Josef Mira e Manuel Acha substitúen a Pazos no control do libro de rexistros: en 5 de xaneiro de 1802, tamén anotan que a madriña de expósita Baltasara é Ysabel Gómez, pero no rexistro de Juan Manuel de los Dolores, en 9 de febreiro de 1802, aclaran, de vez, quen é a muller que actuou de madriña destes nove expósitos: “Ysabel Gomes, soltera, Rectora de los Expósitos de este Hospital”. Mira e Acha, que tamén levarán os libros de contabilidade a partires de decembro de 1802, non deixarán de anotar o importe mensual da “media libra diaria de pan para o fillo da reitora”<sup>20</sup>.

Para pechar o círculo da identidade de Isabel está a acta, redactada por Balthasar de Pazos –era, dende os inicios, secretario da Xunta de Goberno do Hospital–, en 27 de novembro de 1803 (tres días antes da partida da REFV cara a América) na que dá testemuño da elección dunha nova reitora para a Casa de Expósitos: “... todos los demás votos los ha tenido la Christina Gonzalez, quien por lo mismo quedó desde luego nombrada y admitida para tal Rectora, vajo las mismas condiciones que su antecesora Ysabel Sendala y Gomez”<sup>21</sup>.

<sup>19</sup> AMC. AC. c-1584; fondo: Hospital de Caridade; Libro 1 (xullo 1798-setembro 1801) e Libro 2 (outubro 1801-décembro 1803) da Conta de Administración da Caixa de Expósitos.

<sup>20</sup> AMC. AC. c-4140. Libro 2º (xaneiro 1800-décembro 1803) de Rexistro de Expósitos.

<sup>21</sup> AMC. AC. C-1564; fondo: Hospital de Caridade; Libro 2º (1802-1812) de Actas da Xunta de Goberno.



1772  
1803  
Conformandose el Rey con la propuesta de Vm. y del Director de  
la expedición destinada á propagar en Yndias la inoculación de la  
vacuna, permite S. M. que la Rectora de la Casa de Expositos de  
esa Ciudad sea comprendida en la misma expedición en clase  
de Enfermera con el sueldo y ayuda si cessa de malada á los Enfer-  
meros, para que cuide durante la navegación de la asistencia y aseo  
de los Niños, que haian de embarcarse, y cese la repugnancia  
que se experimenta en algunos Padres de fiar sus hijos al cui-  
dado de aquellos sin el alivio de una Mujer de providad.  
Con esta fin. para el aviso correspondiente al Administrador de  
hacienda para que la Rectora reciba en esa Ciudad la au-  
da de casa á tres mil r. con destino á su habitación, y pague  
el abono en Indias del sueldo de quinientos p. anuales, como  
dos desde el día que se embarque, y la mitad á su regreso, que  
deberá ser de cuenta del Erario; y á Vm. lo principio del orden  
para la inteligencia de la Junta de caridad, y que es necesario  
y precisa á la Interesada. Dios que á Vm. m. d. el 17 de  
20 y Octubre de 1803.

José María Caballero

Francisco Carrillo y Nieto

Coruña

Autorización real para  
a incorporación da  
reitora de expositos á  
REFV. © Arquivo  
Municipal A Coruña.

A necesidade dunha nova reitora era consecuencia directa da Real Orde remitida dende O Escorial, en 14 de outubro de 1803, ao presidente da Xunta de Goberno do Hospital e á propia interesada:

Permite S.M. que la Rectora de la Casa de Expositos de esa ciudad sea comprendida en la expedición –destinada a propagar en Yndias la inoculación de la vacuna– en clase de Enfermera. Para que cuide durante la navegación de la asistencia y aseo de los Niños que haian de embarcarse y cese la repugnancia que se experimenta en algunos padres de fiar sus hijos al cuidado de aquellos [os enfermeiros varóns que xa seleccionara Francisco de Balmis], sin el alivio de una mujer de providad<sup>22</sup>.

<sup>22</sup> AMC. AC. c-1680; fondo: Hospital de Caridade; serie: Correspondencia (1791-1809), Carpeta (1)-1.

No Arquivo Histórico Diocesano de Santiago gardan a documentación que desvela os lexítimos apelidos de Isabel, a aldea de procedencia, o contexto socio-económico no que se criou e o seu estatus civil.

En treinta y uno de Julio de mil setez.<sup>os</sup> noventa y seis, baptizè solenem.<sup>te</sup> y puse los S.<sup>tos</sup> oleos a un Niño que nacio à las tres de la mañana, hijo natural de Ysabel Celdam Gomez, soltera, nat.<sup>l</sup> de S.<sup>ta</sup> Mariña de Parada y vez.<sup>na</sup> de esta Parroq.<sup>a</sup> de S.<sup>n</sup> Nicolas; pusele p.<sup>r</sup> nonbre Benito; fueron sus padrinos Benito Lopez y Liberata Perez, vez.<sup>os</sup> de esta Parroq.<sup>a</sup>, q.<sup>nes</sup> no supieron decir los nonbres y apellidos de los Abuelos Maternos ni menos de el Padre de el bautizado<sup>23</sup>.

Máis que redactar unha partida de bautismo, o cura párroco de San Nicolás invitaba a unha rolda de viaxes aos libros sacramentais de Santa Mariña de Parada, hoxe pertencente ao concello de Ordes. E, así, aparecerán os bautizos de seis dos nove irmáns Zental Gómez: Juan (1774), María Antonia (1776), Francisca Antonia (1779), Joseph e Cathalina (xemelgos, 1782) e Joseph (1784); tamén dos sete sobriños, fillos de Domingo Vázquez e Bernarda Zental: Isavel Jacoba (1790), Antonio (1792), Juana (1795), Bernardo e Manuela (xemelgos, 1798), Antonio (1800) e Jacobo del Spíritu Santo (1803). Neste libro de bautizados, tamén quedou rexistrada a visita do bispo-inspector e, de resultas, o “memorial de las personas de esta Parroquia que recibieron el Santo Sacramento de la Confirmación” (19 de agosto de 1781)<sup>24</sup>. No libro de defuncións aparecerán as mortes doutro irmán Joseph (1798), da nai Ygnazia (1788) e do pai Jacobo (1800)<sup>25</sup>.

A primeira evidencia é obvia: Benito, un dos nenos que levaron a vacina ata América, era fillo natural de Isabel, solteira e, daquela, veciña da coruñesa parroquia de San Nicolás. En consecuencia, nin era fillo adoptivo dunha solteira nin fillo lexítimo dunha viúva á que, pouco antes, lle morrera o home.

O “memorial” da Confirmación desvela que, entre as 53 casas con lume que había en Parada, ningún veciño da parroquia leva o apelido *Celdam* (tal como o escribira o párroco de San Nicolás). Pola contra, os Zental –con cinco diferentes ramas familiares– están solidamente asentados na aldea. Unha das familias que reciben a Confirmación é a conformada por “Jacovo Zental; Ygnazia Gomez, su mug.<sup>r</sup>; ysavel, Juan, María y Francisca, sus hixos”. Este dato é un “the heart of eternity” (nome do diamante máis singular coñecido): é a constancia de que *ysavel* Zental Gómez viviu –cando menos– a infancia, rodeada do pai, da nai e de tres irmáns, na súa parroquia natal.

As partidas de bautismo dos irmáns Zental Gómez sitúan as orixes da familia: a nai era natural de Parada; o pai, de Santa Cruz de Montaos (Ordes); o avó paterno [Pablo], de Parada; a avoa paterna [María Varela], de San Martín de Oroso. Ygnacia Gómez era natural e veciña de Parada, pero o párroco non sabe-non pregunta-oculta adrede? o nome

<sup>23</sup> Arquivo Histórico Diocesano Santiago (AHDS). Parroquia de San Nicolás-A Coruña. Serie: Libros Sacramentais; Bautizados 1788-1798, f. 299v; sinatura P009061.

<sup>24</sup> AHDS. Parroquia de Santa Mariña de Parada. Serie: Libros Sacramentais; Bautizados 1773-1828; s. P015927. Seguindo a orde das mencións no texto, folios 3v, 6v-7, 17v-18, 24v, 31, 49v, 58-58v, 66, 72v, 82-82v, 93-93v e 20v-22v.

<sup>25</sup> AHDS. Parroquia de Santa Mariña de Parada. Serie: Libros Sacramentais; Defuntos 1773-1859; s. P015933. Seguindo a orde das mencións no texto, folios 9v-10, 19, 31v-32.




María Arceaga, Juan, Pedro, y Domingo, y Juan  
 sus hijos, y de Juan Venencia  
 Antonio Barrena y Maria Teresa Sumiz  
 Juan, Domingo, Juan, y Domingo hijos de Pablo  
 Barrena, e y su hijo Conde  
 Pedro de Ochoa, Antonia Barrena y su hijo Miguel  
 y su hijo sus hijos  
 Juan, Pedro, Domingo, Reguero y su hijo, Andres  
 y su hijo sus hijos  
 Juan Barba, y Juan, su hijo: Matheo y Ramon hijos  
 de Juan Barba, y Maria de Villaverde, Matheo y Juan  
 Barba hijos de Lucas Barba y su hijo Villaverde  
 Matheo de Ochoa Juan Barba, y de Juana Barba, y el  
 su hijo de Ochoa  
 Juana y Blanca mujeres de Andres Zandal, Maria,  
 Antonia y Pablo hijos del Andres y Margarita Barrena  
 sus hijos  
 Jacobo Zandal, Antonia Perez, y su hijo, y su hijo, Juan,  
 Maria, y Juana sus hijos  
 Joseph de Ochoa, Antonia Barrena, y su hijo, Juana,  
 Pedro, Maria, y Maria. Juana Barba, y su hijo, y su  
 hijo sus hijos  
 Manuela Barrena, hija de del Barrena, y su hijo, y su hijo  
 Pablo, y Clara, hijos de Juan Barrena, y su hijo de  
 Ochoa  
 Pedro Zandal, hijo de Antonio, y de Juana de Ochoa, Barba,  
 Pedro de Ochoa, y Maria Zandal, su hijo, y su hijo de  
 Ochoa  
 Antonia de Villanueva, sus Barba, Antonia, Juana,  
 Maria sus hijos y de Ochoa, y su hijo, y su hijo, y su hijo  
 su hijo  
 Pedro Barba, y Juana Barba, hijos de Antonio Barba,  
 y de Antonia de Ochoa  
 Juan Barba, Antonia Barba, sus hijos, Juan,  
 Pedro, y su hijo, y su hijo sus hijos  
 Maria, hijos de Antonio Barba, y su hijo, y su hijo, y su hijo  
 de Ochoa, y su hijo, y su hijo, y su hijo, y su hijo, y su hijo  
 Juana Zandal, mujer de Gregorio Barba, y su hijo  
 Fernando Barba  
 Decimas las que se le dan. D. Lucas de Barba.

1781: Os Zandal de Parada / A familia Zandal Gómez. Fragmento do memorial das persoas confirmadas en Santa Mariña de Parada. © Arquivo Histórico Diocesano Santiago.

e procedencia dos avós maternos, malia o mandado expreso, en agosto de 1781, do bispo-inspector de comezaren a rexistrar “el nombre y vecindad de los abuelos paternos y maternos de cada bautizado”.

Os libros sacramentais da parroquia non conservan pegada da data de nacemento de Isabel nin de Bernarda, aínda que esta irmá tamén era natural de Santa Mariña –consta nas partidas de bautismo dos fillos–. A explicación destas dúas ausencias non é moi revirada: Bernarda e Isabel terían nacido antes do 26 de febreiro de 1773, cando principia o libro de bautismos máis antigo que se conserva da parroquia. Observando a orde en que son citados os fillos de Jacobo e de Ignacia na cerimonia da Confirmación, vese que van de maior a menor. Observando os dous anos, cando menos, que as familias gardaban de repouso entre parto e parto, Isabel tería nacido, como moi cedo, na primavera de 1772. Sobre a data de nacemento de Bernarda, unha pista posible é que, cando Isabel ten a Benito, a súa irmá xa tiña tres fillos criados.



Escudo e divisa da Escola de Enfermería.

novo párroco, todos os fillos de Domingo e de Bernarda xa serán Vázquez-Cendal.

Seguindo o rastro de Teresa Herrera, a fundadora do Hospital de Caridade, é constatable que non hai ningunha diferenza entre as formas Zendal/Cendal (utilizadas polos párrocos de Santa Mariña de Parada) e as formas Zendala/Cendala/Sendala (empregadas por escribáns e contables na Coruña): a versión en feminino do apelido dun varón é un xeito do país para identificar a casa, a familia á que se pertence, sexa por nacemento ou por casamento. Cando unha muller é identificada como Zendala/Cendala/Sendala estase a dicir que *é filla ou neta dun—está casada cun Zendal/Cendal/Sendal*. Casos cuspidos o de Teresa Herrera, que foi bautizada co seu lexítimo *Pedroso* e na súa lápida funeraria ten escrito o cotián *Pedrosa*<sup>26</sup>.

—Ser muller, nai solteira, filla de labradores ben pobres, asalariada rasa e, por riba, arriscando a vida lonxe de tropas inimigas... Lindas cartas de recomendación para entrar nos libros de Historia ou na memoria colectiva do País!!

—Que estamos no século XXI, neno! En nada, verás a Isabel, os expósitos e a tripulación da “María Pita” sentados á mesa de todas las familias de Galicia. E iso que non somos cataláns, que si fose así, todos os paisanos que participaron na Expedición da vacina xa serían heroes mundiais!

As partidas de defunción da nai e do pai de Isabel achegan probas da moi humilde posición social da familia. Ignacia, “por ser pobre”, e Jacobo, “por ser quasi pobre de solemnidad”, non fixeron “disposición”, que ven sendo a maneira pia-dosa de dicir que non tiñan “de que” facer disposición civil (testamento das posesións a repartir) nin “con que” facer disposición litúrxica (cartos para algunha misa de ánimas). Os pais de Isabel peregrinarían ao Alén tal e como deixaron os fillos na terra: sen unha man amiga que mirase polo seu destino.

A forma escrita máis antiga do primeiro apelido de Isabel é Zendal: así aparece nos bautizos de todos os irmáns, no memorial da Confirmación e no bautizo da primeira sobriña. Coa chegada dun

<sup>26</sup> ADHS. Parroquia de San Xurxo-A Coruña. Serie: Libros Sacramentais, Bautizados 1693-1714, f. 409v; s. P008865. // “En esta capilla yacen los restos de Teresa Herrera Pedrosa, fundadora del Hospital de Caridad de esta capital y gran benefactora de los pobres. Fallecida el 22 de octubre de 1791”, escrito en mármore, na lápida da súa sepultura, na capela da Congregación das Dores, na igrexa parroquial de San Nicolás.





Sepultura de Teresa Herrera, na capela da Congregación das Dores, na igrexa de San Nicolás. © José Caruncho.

—Xa, xa! Por iso, de Josep Salvany a primeira noticia que tiveron os seus paisanos de Cervera (Lleida), foi a homenaxe que lle fixeron, hai dous anos, en Cochabamba.

Despois de 200 anos co vento en contra, os protagonistas galegos da REFV tampouco están tan desesperados por entrar na Historia<sup>27</sup>. O que guiou as súas vidas é a mesma divisa da Escola de Enfermería “Isabel Cendala y Gómez”, de San Martín Texmelucan (estado de Puebla-México): “sacrificio sin esperar gloria”.

<sup>27</sup> Os tempos e os ventos parecen estar a mudar de rumbo: en 2015, a Asociación Española de Enfermería Comunitaria e a Cátedra Balmis de Vacunología crearon o Premio Isabel Zandal, para distinguir, cada dous anos, o mellor labor no eido da enfermmería comunitaria. Novembro de 2016 foi un mes cumprido: Satse (Sindicato de Enfermería y Sanidad de España) honrou o traballo de Isabel Zandal co premio Enfermería en Desarrollo 2016; o concello de Ordes aprobou, en sesión plenaria, nomear a Isabel Zandal “filla predilecta”; naceu, na Coruña, a Asociación Isabel Zandal. En decembro dese 2016, a Universidade da Coruña e o concello coruñés crearon a “Cátedra Isabel Zandal de Divulgación Científica”. Son árbores das que é imposible que non agromen fermosos froitos.